

## NOTA DE PRENSA

Para conmemorar os seus 150 anos

# **Grupo Cuevas abre un proceso creativo en Galicia para plasmar a relatividade do tempo**

Decenas de obras serán expostas nas rúas das principais poboacións da comunidade

Todos os creadores artísticos residentes en Galicia serán convocados polo Grupo Cuevas a participar nunha gran reflexión colectiva para proxectar a súa mirada sobre a relatividade do tempo. A proposta, baixo a denominación “I Concurso Ignacio de las Cuevas de creatividade artística”, estenderase durante os nove próximos meses e forma parte das iniciativas que se poñerán en marcha para conmemorar os 150 anos da compañía ourensá, que se desenvolve baixo o lema “Novos e centenarios”. Entre xuño e setembro desenvolverase unha exposición itinerante, que permitirá mostrar decenas de obras seleccionadas en salas e espazos urbanos abertos das principais localidades galegas.

O certame está orientado a obras gráficas con técnica libre, a través da pintura, a fotografía ou a informática, entre outras, e cun formato máximo de 150 cm en calquera dos seus lados. O prazo de presentación de traballos concluirá o próximo día 28 de abril. O xurado, que estará formado por expertos en diferentes campos artísticos e que será presidido polo docente e pintor César Taboada, fará unha preselección dun máximo de 40 obras finalistas na primeira quincena de maio, e emitirá o seu ditame final no mes de xuño, para darlle comezo á exposición colectiva, con carácter itinerante, dun número de obras comprendido entre trinta e corenta traballos individuais.

Durante a presentación do proxecto, o director xeral do Grupo Cuevas, Artur Yuste, explicou que, entre as razóns polas que se optou por esta convocatoria, tívose moi en conta que servirá para darlle un impulso ao mundo das artes plásticas, nestes tempos de dificultades, “e contribuirá modestamente a reactivar un sector de gran talento que necesitamos aproveitar como país”. Yuste subliñou tamén que a incursión creativa na relatividade do tempo “é unha inmersión no espírito de Galicia mesma, e en como

tamén nós contemplamos e interpretamos o efecto dos anos e as consecuencias de vivir”.

O director xeral confía en que a mostra artística axudará a construír un retrato icónico actualizado do tempo e do espazo que habitamos. “Os artistas poñerannos o espello, como territorio e como persoas”, concluíu.

Pola súa banda, César Taboada destacou da iniciativa que “é moi estimulante para atraer e descubrir novos talentos, futuros artistas, ou creativos. É unha axuda moi importante por parte dunha empresa que está solidamente establecida na nosa rexión e aposta polos valores que representan mellor á nosa sociedade: a arte e a cultura”.

O primeiro premio do “I Concurso Ignacio de las Cuevas” terá unha dotación de 5000 euros. As mencións especiais “Grupo Cuevas” e “Novos Talentos” reportaranlles aos gañadores 2500 euros cada un.